

## Concello de Viveiro

EXPTE.- 1999/2022

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do sábado, 26 de marzo de 2022 N.º 070, publícase a convocatoria do proceso para a selección de UN PSICÓLOGO/A, con carácter temporal, mediante a modalidade de funcionario interino, encadrado no suposto previsto no artigo 23.2 c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, ao amparo da RESOLUCIÓN do 07 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria no ano 2022 (códigos de procedemento SI435B, SI435A e SI427B ).

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas para a selección e a convocatoria para a cobertura dunha praza de funcionario/a interino de psicólogo/a do CIM do Concello de Viveiro.

Vista a base xeral 8.1, que sinala "(...) A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación..."

Vista a base xeral 9.1, que sinala "(...) **Lista provisional.- Terminado o prazo de presentación de instancias, o Sr. Alcalde-Presidente, ditará Resolución declarando aprobada a lista de admitidas/os e excluídas/os, no seu caso. Esta Resolución ditarase no prazo máximo de 3 días.**

A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

*Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión..."*

Vista a base xeral 9., que sinala "(...)No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva..."

### RESOLVE:

**PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE LISTA PROVISIONAL E DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO SELECTIVO:**

#### A) ADMITIDOS/AS:

	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	ABAD LÓPEZ ANA MARÍA	EXENTA



## Concello de Viveiro

	<b>APELLIDOS E NOME</b>	<b>Realización proba de galego</b>
2	TOIMIL BUJONES LAURA	<b>NON EXENTA</b> <i>(Documentación non cotexada. Pode ser obxecto de subsanación no prazo de 5 días hábiles segundo punto 6 das bases xerais).</i>
3	VARELA TATO ALBA	<b>EXENTA</b>

No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva.

Contra a lista definitiva, os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

**SEGUNDO.-** Vista a proposta do Tribunal en relación á subsanación da documentación presentada pola aspirante, no que se refire aos méritos a valorar, aportando copia simple, en virtude do disposto no punto 6 das Bases Xerais, e tendo en conta que se require a aportación de copia cotexada ou copia auténtica, resultando posible a súa subsanación, requírese á seguinte aspirante para que subsane os méritos aportados mediante a copia auténtica ou cotexada, no prazo de cinco días hábiles.

<b>Apellidos e Nome</b>	<b>Subsanación</b>
TOIMIL BUJONES LAURA	Prazo de 5 días hábiles para subsanación de méritos aportados (copia cotexada ou auténtica)
VARELA TATO ALBA	Prazo de 5 días hábiles para subsanación de méritos aportados (copia cotexada ou auténtica)

Advertítese que a non subsanación dos méritos aportados sen cumprir cos requisitos previstos nas bases determinará que os mesmos non sexan obxecto de valoración.

Contra as decisións adoptadas polo Tribunal de selección caberá a interposición de recurso de alzada ante a Alcaldía, (órgano que nomea ao referido Tribunal), segundo o disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo





## Concello de Viveiro

---

establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**



Cod. Validación: 9Y3WPHDPG6RXJNKMKRKMCC5NR | Corrección: <https://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3